

2ª CONXUGACIÓN: -ERE (E)

mōñeo, ũi, ĭtum⁷ “advertir, avisar”. **Presente de Indicativo Activo.**

1 S	-o	<i>mon-eo</i>
2 S	-s	<i>mon-e^ss</i>
3 S	-t	<i>mon-et</i>
1 P	-mus	<i>mon-emus</i>
2 P	-tis	<i>mon-etis</i>
3 P	-nt	<i>mon-ent</i>



Habeo: teño, sosteño

Timeo: temo, teño medo de

Sedeo: sento

Video: vexo

Terreo: asusto, atemorizo

Iubeo: ordeno, mando.

EXERCICIOS

1. PALABRAS DERIVADAS NO CASTELÁN OU GALEGO DE:

<i>Sedeo</i>	
<i>Timeo</i>	
<i>Terreo</i>	
<i>Video</i>	
<i>Moneo</i>	

2. CAMBIA DO SINGULAR AO PLURAL OU VICE VERSA, MANTENDO A MESMA PERSOA, E TRADUCE AO CASTELÁN OU GALEGO:

<i>Timet</i>		
<i>Videmus</i>		
<i>Terretis</i>		
<i>Sedes</i>		
<i>Habent</i>		

3. TRADUCE AO CASTELÁN OU GALEGO:

De + Ab.: sobre; desde; de.

<i>pueri in agro cum puellis sedent.</i>	
<i>villam in insula habemus.</i>	
<i>ancilla equum domini timet.</i>	
<i>verba domini puerum terrent.</i>	

⁷ A diferenza da 1ª declinación, a 1S do Pres.Ind.Act. de *moneo* non perdeu esa *e* co tempo.

⁸ *Memento*: vogal que se insire entre a raíz e as terminacións coñécese como “vogal temática”. É a que nos dá pistas da conxugación da que se trata.

<i>nuntios de periculo monetis.</i>	
-------------------------------------	--

4. TRADUCE AO LATÍN

Teño a carta do señor	
Non tedes medo dos deuses	
As espadas dos mensaxeiros asustan á muller.	
Estamos sentados na casa cos amigos.	
Ti advirtes á rapaza sobre o rapaz.	

3ª CONXUGACIÓN: -ERE (I)

trāho, xi, ctum, “tirar de, sacar”. **Presente de Indicativo Activo.**

1 S	-o	<i>trah-o</i>
2 S	-s	<i>trah-is</i>
3 S	-t	<i>trah-it</i>
1 P	-mus	<i>trah-imus</i>
2 P	-tis	<i>trah-itis</i>
3 P	-nt	<i>trah-unt</i> ⁹



Bibo: bebo.

Mitto: envío.

Duco: conduzo, dirixo.

Scribo: escribo.

Lego: leo.

EXERCICIOS

1. PALABRAS DERIVADAS NO CASTELÁN OU GALEGO DE:

<i>Duco</i>	
<i>Bibo</i>	
<i>Scribo</i>	
<i>Lego</i>	
<i>Mitto</i> .	

2. CAMBIA DO SINGULAR AO PLURAL OU VICE VERSA, MANTENDO A MESMA PERSOA, E TRADUCE AO CASTELÁN OU GALEGO:

<i>Scribunt</i>		
<i>Mittis</i>		

⁹ N.B.: A 3ª persoa do plural presenta unha forma inesperada con respecto ás anteriores. Non é *trahint**.

<i>Trahimus</i>		
<i>Ducitis</i>		
<i>Legit</i>		

3. TRADUCE AO CASTELÁN OU GALEGO:

Taberna, -ae: tenda, taberna. *Aqua, -ae*: auga.

<i>libros de deis semper scribis.</i>	
<i>dominus epistulam legit et mittit.</i>	
<i>feminae pueros e periculo ducunt.</i>	
<i>auxilium ad insulam nunc mittimus.</i>	
<i>virī vinum in taberna bibunt, pueri aquam.</i>	

4. TRADUCE AO LATÍN

Os escravos beben viño nos campos.	
Enviamos un mensaxeiro ao templo.	
Os rapaces sacan ao cabalo ao xardín (<i>in</i> + Acc.)	
Estou lendo/leo a carta da rapaza agora	
O señor ve as armas e escolle unha espada.	